

# O Concello de Boqueixón acondiciona as prazas públicas de Lamas e Rubial

O Concello de Boqueixón vén de acondicionar e humanizar as contornas das prazas de Rubial e Lamas, nas que investiu preto de 70.000 euros. Así, a actuación no núcleo rural de Rubial incluíu a posta en valor da praza do Cruceiro. Nesta actuación mellorouse a marxe do viario coa execución dunha pavimentación continua e a execución dun muro para poder nivelar a superficie.

Así mesmo, reubicáronse a marquesiña e os contedores de lixo, quedando estes últimos integrados na paisaxe grazas a un panelado de madeira. Finalmente, procedeu a instalar unha mesa de pedra granítica cos seus respectivos bancos.

Esta actuación responde á intención do Concello de Boqueixón de poñer en valor unha área pola que discorre a Vía da Prata, polo que será desfrutada tanto pola veciñanza do lugar como polos milleiros de peregrinos/as que percorren esta ruta Xacobeá.

## Senda peonil en Lamas

No caso de Lamas, o Concello procedeu á mellora da capa de rodaxe do camiño de Lamas á igrexa con cinco centímetros de aglomerado en quente en toda a plataforma. Así mesmo, construíuse unha senda peonil de trescentos metros de lonxitude para



O Concello construíu en Lamas unha senda peonil de 300 metros de lonxitude



Humanización da praza do Cruceiro, no Rubial, co novo mobiliario urbano

mellorar a seguridade viaria dos veciños e veciñas da localidade. Finalmente, instalouse un sistema de recollida da auga da choiva coas súas arquetas correspondentes.

Un proxecto presentado ao abeiro do Plan Único e no que se incluíu tamén a pavimentación na Pena. Neste caso procedeu a

reparar as fochancas existentes e a mellorar a capa de rodaxe con cinco centímetros de aglomerado en quente en toda a plataforma.

Ao igual ca na obra anterior, procedeu a instalación dunha canalización para a recollida de pluvias, despois da realización dun saneo da contorna.

O Concello inviste 218.000 euros na mellora de 16 estradas municipais

O Concello está resolvendo tres procesos de licitación que permitirán investir máis de 218.000 € na mellora de 16 estradas. O primeiro proxectos inclúe a mellora do firme da pista do campo de fútbol e dunha pista en Orto (Boqueixón) e do viario do cruce da Rúa Manuel Fuentes á N-525 e da pista de Ramil a Pazos (Lestedo).

O segundo proxecto permitirá mellorar o viario da Ponte a Abeleira (Ledesma), da Escola a Agra de Campo e da AC-240 á Depuradora (Codeso) e do viario entre o cruce de Castro e o cruce de Fontebranca, así como o viario de Castro a Devesa (Oural). Finalmente, mellorarase o firme dunha pista no Codesal e do viario da Carballeira de Rodiño a Alta de Outeiro (Sergude), dos viarios interiores de Pazos e unha pista en Troitomil (Lestedo), así como do viario da Conexeira á Praza da Pena, da Pena á Depuradora e dos accesos a Lamparte (Loureda).

# O Concello abre o prazo para solicitar as axudas a entidades sen ánimo de lucro

O Concello de Boqueixón vén de abrir o prazo para a solicitude das axudas a entidades sen ánimo de lucro, que suporán un investimento de 12.000 euros. O prazo estará aberto ata o 15 de novembro.

O alcalde, Manuel Fernández Munín, explica que “o obxectivo destas axudas é financiar programas, proxectos, actividades, investimentos e outros gastos levados a cabo polas entidades sen ánimo de lucro do noso municipio coa finalidade de promover e dinamizar a participación activa da veciñanza no tecido asociativo”.

As subvencións, convocadas en réxime de concorrencia competitiva, non poderán superar os 1.000 euros por entidade. Serán subvencionables os gastos



As solicitudes presentaranse a través da Sede Electrónica municipal

feitos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro tales como persoal, profesionais, organización de actividades, accións formativas, cartelería, folletos, material de oficina, teléfono, luz... Non se subvencionarán os intereses debedores de contas bancarias, os gastos de procedementos xudiciais, as

sancións administrativas, os impostos indirectos, comidas, ceas, petiscos, bebidas alcohólicas...

As entidades e asociacións que desexen acceder a estas axudas deberán presentar as súas solicitudes a través da Sede Electrónica do Concello antes do 15 de novembro.

## Segundo prazo das axudas ao fomento da natalidade

O Concello vén de conceder 7 axudas para o fomento da natalidade no municipio. Un total de 1.400 euros que deberán ser gastados en establecementos emprazados en Boqueixón, o que supón un apoio ao tecido comercial do municipio.

O prazo de presentación segue aberto para as crianzas que nazen entre o 1 outubro e o 31 de decembro. Estas familias terán 15 días naturais, a partir do día seguinte á data de nacemento, para solicitar a axuda.

## Un punto limpo máis accesible e con maior capacidade para recoller RAEEs

O Concello de Boqueixón vén de investir case 55.000 euros na mellora do seu punto limpo, emprazado no polígono industrial de Sergude. “Ampliamos a plataforma superior para que os veciños e veciñas que utilicen o punto limpo poidan manobrar con maior facilidade e construímos unha

caseta para poder aumentar a recollida de Residuos de Aparellos Eléctricos e Electrónicos (RAEEs)”, explica o alcalde, Manuel Fernández Munín.

As obras consistiron na execución de dous muros de formigón para poder ampliar a zona pavimentada da plataforma superior nuns 152 m<sup>2</sup> e construír



unha caseta metálica para a recollida de RAEEs.

O punto limpo de Boqueixón está dispoñible

todos os mércores, de 16:00 a 20:00 h, e o sábados, de 10:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 20:00 h.



# Alén loita e acariña, ou como previr a violencia dunha forma lúdica e educativa

A biblioteca municipal acolleu a presentación da unidade didáctica *Alén loita e acariña*, unha iniciativa baseada no libro do mesmo nome editado en 2020 e promovida polo CIM de Boqueixón dentro das actividades con motivo da conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero. A presentación correu a cargo do alcalde, Manuel Fernández Munín; a directora do CIM de Boqueixón, Cristina Carbajales; e as dúas autoras: Yolanda Neira, psicóloga do CIM e que se encargou dos textos, e Blanca Millán, ilustradora local.

O rexedor felicitou ao CIM pola iniciativa e destacou “estamos satisfeitos de poñer a disposición da comunidade escolar de Boqueixón unha ferramenta de traballo para educar desde a base e contra da violencia de xénero e o acoso escolar”. Pola súa banda, Cristina Carbajales sinalou que “esta unidade didáctica demostra que é posible sensibilizar e previr dende a base e dunha forma lúdica e educativa porque a rapaza da as cousas éntranlle mellor se se lles expoñen dun-



Blanca Millán, Cristina Carbajales, Manuel Munín e Yolanda Neira, na presentación

ha forma que lles guste”.

“Despois da presentación repartiremos as 300 unidades didácticas entre os centros educativos para despois poñer en marcha unha programación ao redor do conto e da unidade”, anunciou Yolanda Neira. Primeiro faranse unhas sesións de contacontos que servirán “como punto de partida para logo traballar a unidade didáctica nas aulas, un labor que será levado a cabo polo equipo docente ao longo das próximas semanas”.

Así, están programadas dúas xornadas para o mércores 3 e o xoves 4 de novembro para escolares de

Primaria e Infantil, respectivamente. O 25-N, o CPI Antonio Orza acollerá unha charla por videoconferencia de Yolanda Neira para o alumnado de Secundaria.

A unidade didáctica completouse co labor de Blanca Millán, encargada das ilustracións, quen apuntou que “o reto é facer que os nenos queiran traballar sobre un tema que lles é alleo” e destacou que “é un caderno moi dinámico que demostra que o ensino pode ser divertido”.

Unha iniciativa na que o Concello contou co apoio da Secretaría Xeral de Igualdade e de Fondos Europeos.

## III Xornada de Sensibilización en Violencia contra a muller

Ademais de unirse á campaña *De Fronte*, promovida pola Deputación da Coruña con motivo do 25N, o Concello programou a III Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller, que terá lugar o sábado 13 de novembro na Casa da Cultura de Camporrapado.

Ás 17:00 horas, abrirán a xornada o alcalde, Manuel Fernández, e a directora do CIM, Cristina Carbajales. Ás 17:15 h, a Asociación Berenguela pola Igualdade presentará “Boas prácticas para traballar a igualdade no rural”.

Ás 17:45 h, Yolanda Neira, psicóloga do CIM falará sobre a realidade da violencia de xénero, co testemuño de Esther García García, sobrevivinte de abusos e violencia, e presentación da exposición artística colectiva “Ana, luz e sorriso”, en homenaxe a Ana Enjamio Carrillo. Na mostra colaboran: Blanca Millán, Isa Albe-la, Lorena Couto, Laura Romero, María Montes, Eva Casais e Laura Tova. A clausura da xornada correrá a cargo de Sofía Silva e Marina Vidal Míguez, que porán a música durante a xornada. Inscripcións a través de formulario na web: [www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal).

## Últimas prazas en actividades culturais e de benestar

O Departamento de Cultura informa de que aínda quedan prazas libres no **obradoiro da memoria**, que terá lugar no Forte todos os mércores, de 10:30 a 12:00 h. Tamén hai prazas no **curso de novas tecnoloxías**, no

nivel I (sen coñecementos previos). Ambos os dous cursos teñen unha cota de 15 €/mes e teñen lugar ata xuño. Tamén hai prazas nas **clases de loga** que imparte Agora Yoga no centro sociocultural de Ledesma (25 €/mes) e no

**curso de debuxo e pintura** (15 €/mes, material non incluído).

Máis información no Departamento de Cultura e no 981 513 115. Inscripcións no Rexistro Municipal ou a través da Sede Electrónica.

## Educando en Familia e taller de habilidades sociais

O alumnado de 6º de Primaria do CPI Antonio Orza asistirá durante o mes de novembro a varias sesións de adestramento en habilidades sociais. E, dirixidas a pais e nais con fillos/as de calquera idade (preferentemente menores de 12 anos), o Concello programou sesións de Educando en Familia, que darán comezo o 26 de novembro e se prolongarán ata febreiro. Participación de balde, previa inscrición no Departamento de Cultura.

As dúas accións están incluídas no programa de Prevención de Condutas aditivas dos Concellos de Boqueixón, Teo e Touro, en colaboración coa Consellería de Sanidade.

# Os domingos toca teatro!!!

Dicir domingo en Boqueixón será igual a dicir teatro, cando menos durante este mes de novembro. Tras o seu adiamento o ano pasado por mor da pandemia, o ciclo de teatro BocAberta volve con máis forza ca nunca con catro propostas para un público adulto. Todas elas teñen algo en común: poderán desfrutarse na Casa da Cultura de Camporrapado, ás 17:30 horas, e a entrada é de balde, previa reserva no Departamento de Cultura ([cultura@boqueixon.com](mailto:cultura@boqueixon.com) ou 981 513 115).

Organizado polo Concello de Boqueixón, en colaboración coa Deputación da Coruña, será preciso manter as medidas anti-covid. Polo escenario boqueixanés pasarán Teatro Airiños (día 7), o Grupo Municipal de Teatro de Ribeira (14), Bradomín Teatro (21) e Artesacia Teatro (28).

**CICLO DE TEATRO**

# Boc Aberta

Casa da Cultura de Camporrapado  
17.30 horas - Público adulto

**Domingo 7 de novembro**  
*Unha primavera para Aldara*  
Teatro Airiños (Rianxo)

**Domingo 14 de novembro**  
*O rei Telesforo busca noiva (e quere noiva)*  
Grupo Municipal de Teatro de Ribeira

**Domingo 21 de novembro**  
*Un convento moi contento*  
Bradomín Teatro (A Pobra)

**Domingo 28 de novembro**  
*Chola, a it girl!*  
Artesacia Teatro

DE BALDE. RESERVA A TUA ENTRADA NO DEPARTAMENTO DE CULTURA:  
[cultura@boqueixon.com](mailto:cultura@boqueixon.com) ou no 981 513 115

Participa nun todas as garantías hixiénico-sanitarias.






## Lestedo bailou ao ritmo de Odaiko

A carballeira do campo da feira de Lestedo converteuse nunha improvisada pista de baile na que máis dun cento de veciños e veciñas, na súa maioría nenos e nenas, bailaron ao ritmo que marcaron Odaiko e os seus distintos instrumentos de percusión.

O seu novo espectáculo musical, «Vaia ritmo», conectou de inmediato co público, que desfrutou do bo facer dun grupo que leva máis dunha década enriba dos escenarios achegando a música a todas as idades. Unha actuación organizada polo Concello de Boqueixón, en colaboración coa Deputación Provincial da Coruña.



## Anxo Moure enche a biblioteca cos seus contacontos de igualdade

A biblioteca quedou pequena para acoller á trintena de nenos nenas que se achegaron a desfrutar do contactontos *A pequena fábrica dos corazóns de papel reciclado*, de Anxo Moure. Durante unha hora, a rapazada desfrutou do *Taller Moure*, aprendendo a reciclar as malas novas da violencia de xénero, do machismo e da desigualdade para convertelas en corazóns de papel reciclado. Organizado polo Concello e Ler Conta Moito.



# Axúdanos a facer o Plan de Mobilidade Urbana Sostible de Boqueixón

O Concello de Boqueixón está a realizar a través da súa páxina web ([www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal)) unha enquisa de percepción da situación actual para elaborar un Plan de Mobilidade Urbana Sostible para o municipio. A enquisa é de carácter anónimo, coa única excepción da IP que emprega o ordenador desde onde se responde (para garantir que son respostas de persoas diferentes). Podes acceder a ela neste enlace: <https://bit.ly/3jO4NEr>

O Concello de Boqueixón recollerá estes datos co único obxectivo de coñecer os hábitos de mobilidade dos habitantes do municipio e



## PMUS de BOQUEIXÓN

Podes acceder á enquisa do PMUS a través deste enlace: <https://bit.ly/3jO4NEr>

as súas preferencias ou suxestións de cara a propoñer medidas que garantan o acceso universal, equitativo e seguro aos principais centros xeradores de viaxes, promovendo o uso de modos de transporte sostibles.

### Contido da enquisa

Entre as preguntas atoparás cuestións como que aspecto mellorarías da mobilidade en Boqueixón, cal pensas que é o maior problema, entre que aldeas hai máis desprazamentos,

que método de transporte empregas, como valoras os medios públicos de mobilidade, cantos quilómetros percorres a diario...

Para a elaboración dun Plan de Mobilidade realmente útil e poder establecer unha serie de propostas de actuación a corto e longo prazo axeitadas ás circunstancias particulares de Boqueixón o Concello precisa contar coa maior información e suxestións da veciñanza posible. Por iso, dende esta Xanela propoñémosche que participes na enquisa, agradecéndoche por anticipado que lles dediques o tempo preciso a respondela.



Concello de Boqueixón

**Aposta polo noso e merca  
no comercio local.  
Apoia ao empresariado da  
túa vila, apoia aos teus  
veciños e veciñas.**

#EuMercoNoMeuConcello #EuMercoEnBoqueixón



## A Guía Empresarial de Boqueixón presentárase en novembro

O alcalde, Manuel Fernández Munín, presidirá a presentación da Guía Empresarial de Boqueixón, elaborada polo Departamento de Formación, Emprego e Desenvolvemento Local. Un acto que terá lugar o vindeiro 22 de novembro.

“Trátase dunha guía que permitirá a promoción e difusión do tecido empresarial boqueixanés en base aos distintos sectores”, explica Fernández Munín. Así, esta guía recollerá os principais datos das empresas con enderezo fiscal en Boqueixón, con datos de contacto e unha breve explicación da actividade que leva a cabo.

# Boqueixón amosará a súa oferta turística no Fairway Santiago

Os Concellos de Boqueixón, Touro, Vedra e Vila de Cruces promocionarán os seus recursos turísticos, culturais e empresariais vencellados cos Camiños de Santiago no Fairway IV Fórum do Camiño de Santiago. Os catro municipios participarán nesta cita, que terá lugar do 7 ao 9 de novembro no Palacio de Congresos de Santiago.

No seu expositor conxunto aproveitarán para dar a coñecer as amplas posibilidades que os catro municipios poden ofrecer ás persoas que acoden a Compostela a través de calquera destes itinerarios. Áreas naturais e recreativas, patrimonio cultural, histórico e artístico, comercio de proximidade e de calidade son só algunhas das propostas que se po-



Boqueixón xa participou na terceira edición desta feira, celebrada no 2019

rán ao alcance das persoas que visiten Fairway. Os catro concellos aproveitarán tamén para establecer

contactos estratéxicos de cara a mellorar os servizos ofertados ás persoas que os visitan.



## A veciñanza enchúfase á charla sobre a nova tarifa eléctrica

Unha vintena de veciños e veciñas de Boqueixón asistiron á charla informativa sobre a nova tarifa eléctrica organizada polo Concello de Boqueixón e o Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC) e que tivo lugar no centro sociocultural de Lestedo. Unha iniciativa enmarcada na campaña informativa, de apoio e asesoramento á cidadanía sobre a nova tarifa eléctrica que desenvolve o IGCC. Así, os veciños e veciñas de Boqueixón recibiron consellos para aforrar na factura da luz tendo en conta os tres períodos horarios: val, chaira e punta.



## A exposición do Pico Sacro visita o CPI Plurilingüe de Vedra

O CPI Plurilingüe de Vedra acolleu durante o mes de outubro a exposición “O Pico Sacro no Códice Calixtino”, unha mostra itinerante promovida polo Concello de Boqueixón dentro do ciclo “Un mes e Pico”. Despois do seu percorrido por Touro e Vedra, os nove paneis da mostra chegaron ao colexio vedrés, onde puxeron en valor a parte lendaria do Pico Sacro.




# Anacos do noso O Camiño de Santiago ao seu paso por Boqueixón


## Unha ruta que percorre Europa con destino a Compostela

O Camiño de Santiago é a denominación que ten un conxunto de rutas de peregrinación cristiá de orixe medieval que se dirixen á tumba do Apóstolo. Foi e segue sendo, sen dúbida, a ruta de peregrinaxe máis antiga, máis concorrida e a máis celebrada do vello continente.

O Camiño de Santiago contempla diversas variantes ou rutas. Nestas rutas, Boqueixón tamén comparte a atracción dos camiñantes e andadores de tódolos tempos. Polo noso concello pasan dúas delas, a Vía da Prata e o Camiño de Inverno, xa fusionadas, pois ámbalas dúas conflúen en Bendoiro (Lalín) para afrontar os últimos quilómetros cara Santiago.

A Vía da Prata, foi, na súa orixe, unha calzada romana que unía de norte a sur dúas importantes cidades: Mérida (Émérica Augusta) e Astorga (Astúrica Augusta). Foi prolongada posteriormente con dúas vías que conectaban Astorga con Braga (Brácar Augusta): a vía 18 que pasaba por Allariz e a vía 19 que dende Braga pasaba por Tui, Cuntis, Pontevea, Gándara, Gastrar, Lamas, Arzúa e Lugo (Lucus Augusti) para continuar ata Astorga. De feito no lugar de A Gándara (Sergude) descubriuse un miliario da época do emperador Calígula que se atopa agora no Museo da Catedral de Santiago. Ambas vías prefiguran algunhas das diversas variantes da Vía da



 Camiño de Santiago: Vía da Prata e Camiño de Inverno  
 Rutas para subir a pé ao Pico Sacro  
 Camiño Miñoto Ribeiro

Prata na súa entrada e paso por Galicia.

Non foi propiamente unha vía de transporte de prata pola península polo que hai diversas teorías sobre a orixe do termo.

O Camiño de Inverno, ademais de ser unha entrada natural en Galicia dende a meseta, supón unha alternativa ao Camiño Francés para evitar os cumios nevados do Cebreiro desviándose en Ponferrada para seguir polo Barco de Valdeorras, Monforte, Chantada, Lalín, Ponte Ulla... É o único camiño que atravesa as catro provincias galegas.

O tramo do Camiño de Santiago que pasa polo concello


forma parte da derradeira etapa antes de chegares a Santiago. Esta etapa comeza en Outeiro (Vedra) xunto á fonte e a ermida do Santiaguíño (San Pedro de Vilanova) e entra en Boqueixón pola paraxe denominada a Fonte do Douro, moi preto do Polideportivo de Lestedo. Alí continúa polo cruceiro de Castrelo para desviarse cara Rubial, Deseiro e A Gándara antes de chegar á Susana. Son case seis quilómetros do total de dezaseis que constitúen a etapa.

Dada a súa importancia no contexto da Tradición Xacobeá e tamén polo seu interese mitolóxico, arqueolóxico, natural e paisaxístico, o

concello preséntalle aos peregrinos e peregrinas, por medio de paneis informativos, a posibilidade de desviarse cara ao Pico Sacro. Un desvío de cinco quilómetros en total (incluíndo subida e baixada) que consideramos ben paga a pena emprender.

Finalmente comentar a existencia dunha terceira ruta que pasa polo termo municipal, pendente de recoñecemento oficial como variante do Camiño de Santiago: o Camiño Miñoto Ribeiro. Unha antiga ruta de conexión entre Santiago e Portugal polo interior de uso tanto comercial como de peregrinación. Entra no concello por Lestedo vindo dende a Ponte de Sarandón e xúntase coas anteriores no cruceiro de Castrelo.

Con motivo do Xacobeo 2021 que, ten a particularidade que será o primeiro da historia en durar dous anos, dende o concello queremos animar ao coñecemento e percorrido destas rutas.



# O centro de saúde de Boqueixón vacinará da Covid e da gripe aos maiores de 80 anos

O centro de saúde de Boqueixón vacinará da terceira dose do coronavirus e da gripe a 805 veciños e veciñas maiores de 80 anos dos municipios de Boqueixón e Vedra. O proceso de vacinación deu comezo o 25 de outubro e estará aberto durante dúas semanas.

O horario de vacinación será de 15:30 a 20:30 horas e serán citados uns 120 pacientes cada día. Os maiores recibirán a súa cita por SMS nos próximos días, onde se lles indicará a data

e a hora. Dende o Concello de Boqueixón piden á veciñanza que respecte o horario marcado, para evitar aglomeracións innecesarias, e lembra tamén que non se vacinará a ninguén que non fose citado.

En principio, as vacinas poranse no interior do centro de saúde de Boqueixón, se ben está contemplada a posibilidade de vacinar nos propios vehículos a aquelas persoas maiores que teñan algún tipo de redución de mobilidade.



O horario de vacinación será de 15:30 a 20:30 horas e serán citadas 805 persoas

## AXENDA DO MES DE NOVEMBRO

### BocAberta

#### Ciclo de Teatro

Casa da Cultura de Camporrapado. Dirixido a un público adulto. 17.30 horas. De balde.

Reserva a túa entrada para calquera dos 4 espectáculos no Dpto de Cultura: cultura@boqueixon.com ou 981 513 115. Colabora: Deputación da Coruña.

**Domingo 7** "Unha primavera para Aldara", Teatro Airiños (Rianxo)

**Domingo 14** "O rei Telesforo busca noiva", Grupo Municipal Teatro de Ribeira

**Domingo 21** "Un convento moi contento", Brandomín Teatro (A Pobra)

**Domingo 28** "Chola, a it girl", Artesanía Teatro

**Miércoles 3**

Contacontos "Alén loita e acariña"

Biblioteca municipal. Dirixido a escolares de Primaria. Imparte: Yolanda Neira, psicóloga do CIM.

**Xoves 4**

Contacontos "Alén loita e acariña"

CPI Antonio Orza Couto. Dirixido a escolares de Infantil. Imparte: Yolanda Neira.

**Sábado 13**

III Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller

Casa da Cultura de Camporrapado. 17:00 horas. Charlas, testemuños, exposición artística e música. Inscripción previa en [www.boqueixon.gal](http://www.boqueixon.gal).

**Xoves 25**

Día Internacional contra a violencia de xénero

CPI Antonio Orza Couto. Charla dirixida ao alumnado de Secundaria. Imparte: Yolanda Neira, psicóloga do CIM.

**Venres 26**

Educación en Familia

Casa da Cultura Camporrapado. Autoestima e motivación. Dpto Educación e Cultura

e en decembro...

### Escena Pequena

#### Ciclo de Teatro Infantil

Casa da Cultura de Camporrapado. 17.30 horas. De balde. Reserva a túa entrada no Dpto de Cultura (981 513 115). Colabora: Deputación da Coruña.

**Domingo 5**

Xarope Tulú

**Domingo 19**

Papabuis

**Domingo 26**

Baobab Teatro

**Venres 10**

Educación en Familia

Casa da Cultura Camporrapado. Que son os malos comportamentos e como traballar para evitalos. Dpto Educación e Cultura

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061 CIM: 981 513 061 Cultura: 981 513 115 Dto. Local e Turismo: 981 513 061  
concello@boqueixon.com cim@boqueixon.com cultura@boqueixon.com boqueixonturismo@gmail.com